

Entrevistas



Cristina Fernández Davila,
Alcaldesa de Ponteareas
Páxina 9



Miguel Ángel García Correa,
Presidente da Asociación de
Alfombristas do Corpus Christi
Páxina 8

**Torneo Internacional
Fútbol sub-14
na Eurocidade
Salvaterra-Monção**
Páxina 2

**Máis de 350.000€ para
a mellora de servizos
públicos en Covelo**
Páxina 12

**Zona Azul no centro
urbano de Mondariz**
Páxina 12



Especial Corpus Christi 2022

Páxinas 7 a 11

Portugal - Alto Minho

**Municípios portugueses e
galegos protestam contra
linha de alta tensión**
Páxina 14

**Sénior 'Olympics4All'
de 7 a 9 de setembro
em Vila Nova de Cerveira**
Páxina 15

**Inaugurado o Festival
Internacional de Xardíns
de Ponte de Lima**
Páxina 16

PLAN RENOVE

La mejor marca en descanso

**PLAN
RENOVE**

pikolin

Te damos hasta
150€
por tu viejo colchón

euronics Boinscon

Rúa Concha Bray, 4, 36960 Ponteareas, Pontevedra Tfno.: 996 64 01 15 www.euronics.es

**DUAL®
pik**

"Sin duda,
el mejor
colchón
de Pikolin."

CON DIFERENTES LECHOS PARA
CADA MIEMBRO DE LA PAREJA

Descubre los beneficios de comprar en nuestras tiendas de descanso

- ENTREGA A DOMICILIO
- RECAMBIOS Y REPARACIONES
- RECAMBIOS A LA MEDIDA
- SERVICIO 24 HORAS
- RECAMBIOS SIN COSTE

CONDADO/PARADANTA

Eurocidade organiza Torneo Internacional solidario de Fútbol Sub-14

A Eurocidade Salvaterra de Miño e Monção acollerá os vindeiros 11 e 12 de xuño un Torneo Solidario sub-14 con denominación FRONTERA ZERO, que terá como sedes o Estadio Manuel Lima (Monção) e o Campo Municipal de Dextros (Salvaterra).

No torneo participarán o Real Clube Celta; Real Valladolid; C.D. Lugo; Río Ave; Vitória S.C.; o S.C. Braga; o Clube Desportivo de Monção e a E.D Salvaterra.

O torneo tamén ten como obxectivo axudar e dar visibilidade a unha academia de fútbol situada



en Guinea Bisáu, o INTER G.B (Academia Internacional da Guiné-Bissau) xa que, entre outros motivos, varios dos xogadores

que hoxe son parte da plantilla do Desportivo Monção, se formaron nesta Academia e son nados neste país africano.

O Concello de Salvaterra asina convenios con asociacións deportivas, culturais e deportistas por máis de 100.000€

O Concello de Salvaterra ven de aprobar no Pleno e de elaborar os convenios das subvencións nominativas para Asociacións Culturais, Deportivas e para Deportistas de carácter Nacional.

Sen dúbida, isto supón un grande esforzo que o Concello estima preciso para que as distintas asociacións teñan maior capacidade para levar a cabo as súas funcións, tanto a nivel cultural coma deportivo.

Ao mesmo tempo, Salvaterra presume de moitos deportistas individuais de carácter nacional, sendo, nalgún caso, deportistas que xa gozan dun recoñecemento internacional.

Este ano, o investimento total para as diferentes subvencións nominativas é de máis de 117.000€, que se dividen en tres partes, asociacións culturais, asociación deportivas e deportistas de carácter nacional.



Máis de 400 persoas visitaron o Museo do Viño en abril

Máis de catrocentas persoas visitaron o Museo do Viño o pasado mes de abril, tras a ampliación de horarios de atención ó público e o establecemento de visitas audioguiadas, facendo tamén uso das novas tecnoloxías a través dunha aplicación que o visitante poderá descargar no seu teléfono ou dispositivo

móbil.

Os días de apertura ó público do Museo da Ciencia do Viño do Condado son de mércores a domingo, en horario de 11h a 14h e de 17h a 19h.

Non será preciso a inscrición previa agás para os grupos de máis de 15 persoas ou aqueles que desexen unha visita guiada.

Iniciativas contra a violencia de xénero

O Concello de Salvaterra presentou tres iniciativas diferentes contra a violencia de xénero: "Defensa Persoal"; "Que quero ser laboralmente"; e "Xestión das emo-

cións", todas elas enmarcadas no Pacto de Estado contra a violencia de Xénero a través do Ministerio de Igualdade. A inscrición previa para estas actividades comezou o 19 de maio.

Mellora de accesos en O Fondal



O Concello de Salvaterra iniciou as obras de mellora de accesos en O Fondal (Pesqueiras) - Codesás (Salvaterra), obra financiada pola Xunta de Galicia a través do Plan Marco de mellora de camiños municipais, realizada pola Axencia Galega de

Desenvolvemento Rural.

A obra contempla a pavimentación e a limpeza das marxes con apertura de cunetas ao longo dos 980m de actuación, e unha capa de 5 cm de espesor de mestura bituminosa en quente, unha actuación por un importe de máis de 48.000,00€

**Talleres
Guiller Motor**


Puzo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA
(Pontevedra)
Tel./Fax 986 66 15 41

Venta de vehículos usados
 

CONSTRUCCIÓN EN GENERAL - REFORMAS - CANTERÍA - PANEL SANDWICH
 
Tafi

VALIÑO, S.L. SALVATIERRA DE MIÑO

FRAN: 637.993.690 | tafisalvaterra@gmail.com

O CPA Condado de Salvaterra consegue o Bronze no Campionato de España de Grupos Show Junior

Os pasados días 20 e 21 de maio celebrouse en Alcoy (Alacante) o Campionato de España de Grupos Show Junior e Cuartetos e o Trofeo Ciudad de Alcoy-Copa de España de Grupos Show Pequenos e Grandes.

O CPA Condado cultivou 2 grandes éxitos que sumará ao seu exitoso palmarés. Os patinadores de Grupos Show Junior do Condado (Ines Pose, Noa García, Zoe García, María De Sa, Dubra Outeiro, Marta Alvarez, Xabi Gomez, Ronsel Groba, Marta Caba-leiro, Mara Amil, Aldara Balboa, Laura Perez, Daniela Rodriguez, Luana Rodriguez, Xiana Covelo e Lucia Soto) coa coreografía "Detrás da Pel" conseguiron por primeira vez para Galicia unha medalla nesta categoría, cunha participación de 22 Grupos de todo o país. Eduardo Caride, director técnico do club, mostrábase moi agradecido e emocionado polos resultados obtidos, pero aínda quedaba máis, o sábado 21 de Maio o Grupo Pequeno do Condado (Aldara Balboa, Laura Perez, Daniela Rodríguez, Mara Amil, Xiana Covelo, María Abril, Nair Pimentel,



María Montes, Eliana Rodriguez, Carmen De Sa e Iría Groba) conseguía o ouro no Trofeo Ciudad de Alcoy- Copa de España coa coreografía "Sharon".

IV Trofeo Salvaterra Milenaria

O domingo 5 de xuño celebrouse o IV Trofeo Salvaterra Milenaria. Nesta edición déronse cita 18 clubs de toda a comuni-

dade e máis de 300 patinadores. A competición contou coa presenza do CPA Gondomar, subcampión do Mundo nos World Roller Games de Barcelona 2019 e actuais Subcampións de España de Grupos Show Pequenos, que conseguiu o ouro na categoría de grupos pequenos e a prata en grupos grandes. O Condado conseguiu a prata en Show pequenos.

Instalación de fotovoltaica para autoconsumo da Casa Consistorial

O Concello de Salvaterra ven de adxudicar a instalación de fotovoltaica para autoconsumo nas dependencias da Casa do Concello, a través dunha subvención para proxectos de enerxía fotovoltaica, co fin de conseguir unha economía máis limpa e sostible. Esta actuación está cofinanciada pola Unión Europea, a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)

Esta actuación enmárcase dentro das liñas de traballo deseñadas polo Plan de Acción polo Clima e a Enerxía Sostible do municipio, e que permitirá xerara enerxía eléctrica mediante Enerxía Solar Fotovoltaica conectada a rede interior da Casa Consistorial a través da instalación solar fotovoltaica composta por 40 módulos que alcanzará unha potencia pico de 18,20 kw. Esta actuación ten un orzamento de máis de 17.000,00€.

XVII convocatoria dos Premios Educación 21-22


O Concello de Salvaterra de Miño presentou as bases da XVII convocatoria dos 'Premios de Educación 2021-2022', un proxecto froito da interacción e colaboración entre os Centros Educativos do Municipio e o Concello.

Os premios serán 14 lotes informáticos e 3 bolsas de estudo a Worthing (Reino Unido), que

serán entregados aos alumnos con mellores resultados de Primaria, E.S.O., Bacharelato e Formación Profesional dos centros educativos do municipio: 2º Ciclo Formativo de Grao Medio de Caldeirería e Soldadura, FP básica, 4º de ESO do IES Salvaterra, 6ª de Primaria do CEIP Infante Felipe, CEIP de Leirado e CEP Carlos Casares.



Capital histórica do Condado



CONCELLO DE
SALVATERRA DE MIÑO

CONDADO/PARADANTA

Premios dos VII Xogos Florais de Ponteareas

O 17 de maio, Día das Letras Galegas, celebrouse a Gala da Lingua coa entrega dos premios dos VII Xogos Florais de Ponteareas, un concurso literario co que o Concello procura contribuír ao desenvolvemento da poesía local.

Nesta sétima edición dos galardóns, o xurado decidiu entregar por unanimidade un único premio na categoría xuvenil ao traballo 'Metamorfose', presentado baixo o pseudónimo de Xerión por Anxo Rodríguez Rodríguez. Ademais, tamén acordaron outorgar unha men-



ción especial ao poema 'Tenrura', da autora Sara Suárez Saavedra.

Pola súa banda, na categoría de adultos, o xurado quixo pre-

miar os poemas presentados por Fátima Domínguez Silva, Ana Fernández Melón e por Jennifer Abal da Silva.

Pablo Rodríguez, premio solista na VII Mostra Musical do Eixo Atlántico



O bombardino Pablo Rodríguez fíxose co premio na categoría de solistas de ata 10 anos na VII Mostra Musical do Eixo Atlántico celebrada en Ferrol, que contou igualmente cunha gran actuación dos alumnos do Conservatorio Municipal de Música de Ponteareas, nas que

tamén destacou a actuación de Zeus Alfaya.

O xurado desta edición estivo formado por Ana María López, Cristina Dornelas, Nuno Peixoto, Nuria Campo, Luís Miguel Clemente e Raquel González, que destacaron a elevada calidade dos e das participantes desta edición.

Melloras no centro municipal de Canedo

Cun investimento de 328.000 euros cofinanciados con fondos FEDER, o Concello de Ponteareas comezou as obras de mellora do edificio que acolle o centro de recursos para as persoas con discapacidade e a Asociación Veciñal de Canedo.

O obxectivo destes traballos é mellorar a envolvente térmica do edificio e dotar ao inmobile de climatización para potenciar a confortabilidade das instalacións e, ao mesmo tempo, axudar a reducir as emisións de CO2, contribuíndo así a un aforro no consumo do edificio do 56%.



Programa Cultura24 en Santiago de Oliveira

A música chega a Ponteareas de novo da man do Cultura24, un programa co que o Concello procura levar a actividade cultural e de lecer ás 24 parroquias do municipio, dinamizando os centros culturais e o propio tecido crea-

tivo da vila.

Nesta ocasión, a Banda da Escola de Música Unión de Guláns será a encargada de poñer a nota musical nun concerto o 12 de xuño ás 18.00 horas no centro cultural Os muíños de Santiago de Oliveira.

EU Ponteareas denuncia a falta de transparencia nos Orzamentos 2022

O pasado venres 13 de maio, o BNG e o PSOE aprobaron definitivamente o Orzamento Xeral do Concello de Ponteareas para o exercicio de 2022 rexeitando ó mesmo tempo as alegacións que Esquerda Unida presentou en prazo.

Entre estas alegacións destacaron a subida á páxina de trans-

parencia do Concello, xunto coa outra documentación relativa aos orzamentos, sobre as liquidacións do exercicio anterior tal e coma establece a lexislación. Este feito motivou que a alegación de EU de manter a partida de axudas de emerxencia e aumentar a do Centro de Reparto de Alimentos, non fora rexistrada dentro do prazo.

EU Ponteareas criticou ó mesmo

tempo os recortes en materia social, rebaixando 90.000 euros as axudas de emerxencia e 5.000 a dotación económica do Centro de Reparto de Alimentos ao mesmo tempo que renuncia ao xa de por si raquíctico canon anual de 3.680 euros que paga a empresa concesionaria do complexo deportivo e que aumenta en 21.000 euros o previsto para órganos de goberno.



Máis información na nosa web

www.novasdoeixoatlantico.com

EDITORIAL

Guillermo Rodríguez. Director



Dádeme unha escola e cambiarei o mundo

Diante da idea da Presidenta da Comunidade de Madrid de revisar os libros de texto para que non teñan contidos que ela non acepta, ocórrenos reflexionar sobre a escola como arma de cambio, como fermento dun mundo mellor. Claro que isto desborda a intelixencia da Sra. Ayuso, polo menos polo que nos ten ofrecido. Sen decatarse estase a converter no paradigma do político que resulta aupado a cargos de poder non pola súa valía senón pola “confusión cultural” propia destes momentos. Os madrileños/as están sendo vítimas das súas propias confusións. Non foron quen de decatarse que non todo o peixe que se ofrecía na praza da abastos política era de fiar, estaba en bo estado de conservación; valía para alimentar o futuro dos seus fillos, no eido da educación.

Pero volvamos á intención da Presidenta madrileña de cambiar os libros segundo o seu contido que, por suposto, non vaia na liña que ela ten nesa súa cabeciña de chorlita.

Aínda que parece unha muller nova, está demostrando unha senectude perigosa. Descoñece que hoxe nos Centros educativos de Madrid e do resto do Estado o ensino xa non se limita aos contidos dos libros de texto; hoxe unha escola moderna e actualizada é aquela que está convencida que pode mover o mundo, que a formación dos seus alumnos/as debe facerse seguindo pautas educativas que xa se coñecían anos

atrás pero que os Centros, mellor os corpos de inspección dos mesmos (eses corpos da Administración educativa que non se sabe ben para que foron creado e para que serve nestes momentos), non consideraban necesario poñer en práctica, aconsellar aos educadores nesa liña e facer que a escola sexa esa panca da que nos fala Arquímedes que pode mover o mundo.

Hoxe os coñecementos son globais. Unha clase actual de calquera nivel pode abarcar varias materias. A curiosidade dos alumnos é tal que están encantado de participar nun proxecto que lle formulen os profesores e que se vai levar a cabo en conxunto, non só cos compañeiros da súa clase senón tamén cos de outras aulas, tantos superiores coma inferiores. Unha clase de lectura, por exemplo, pode comprender temáticas diversas; dende o coñecemento histórico dun pobo, que pode ser o propio, ata a conservación das plantas en invernadoiro e en contraste coas que crecen en liberdade. Poden descubrir países cos seus ríos e a súa historia, como vivían nos séculos pasados os nosos antepasados, etc, etc. Todo iso está nos libros. Todo depende do guión que os profesores teñan desenvolvido en conxunto.

Os pedagogos actuais dinnos que a adquisición de coñecementos non pode ser por medio de compartimentos estancos; se o mundo é global temos que estudialo globalmente. Isto aos rapaces e rapazas dos nosos centros encántalles. Vense pro-

tagonistas de descubrimentos que tomando como modelo calquera científico/a ou calquera historiador/a os leva a converterse en novos investigadores. Sempre se soubo que a curiosidade é algo innato nas persoas, pero nos escolares forma parte do seu ADN vital.

Esa idea de que hai nenos/as que non



serven para o estudio só demostra a ignorancia pedagóxica de quen iso afirma. Unha escola pode mover o mundo. Claro que si. Só se precisa que os centros estean a altura das necesidades dos estudantes. Por iso considero que a Sra. Ayuso está

fora de bolos. Na súa egolatría desmedida non se decata que os centros de ensino non son almacéns de nenos/as aos que se lles pon diante un texto que teñen que aprender de memoria. Iso eran tempos pasados. Hoxe os textos nas escolas poden ser suprimidos perfectamente. Non pasaría nada anormal. Claro que para ese salto, que xa se está dando en moitos centros, precisase que os responsables das aulas se poñan as pilas para responder a esas inquiredanzas naturais que dominan a vida dos nosos estudantes.

Isto lévanos ao mesmo punto de partida. O problema que asola esta pel de touro é o resultado dunha educación e formación deficitaria durante os últimos 40 anos, por poñer unha data. Tal vez deberíamos dicir dos últimos séculos e non estaríamos errados.

Poñamos en marcha unha auténtica revolución educativa. Invistamos recursos na preparación dos educadores e formadores. Dotemos aos Centros das ferramentas que nestes momentos están xa en disposición de colaborar no proceso educativo; obviamente, sempre baixo a vixilancia dos persoal educativo para que non se cometen desvíos no proceso educativo. As ferramentas son aceptables pero hai que saber manexalas e dedicarlle o tempo imprescindible para que non substitúan a creatividade persoal de cada alumno/a que debe ser un proceso continuo nunca substituído por unha máquina.

Vanesa Fernández, nova voceira municipal do PSdeG-PSOE

A concelleira socialista e Secretaria de Organización, Vanesa Fernández, será a nova voceira municipal do PSdeG-PSOE nos plenos municipais, substituíndo a Chus Garrote, quen continuará como Tenente de Alcaldesa do Concello de Ponteareas.

Así o anunciou o Secretario Xeral do PSOE, Delfín Domínguez, quen explicou que se trata dunha decisión que busca reforzar o enlace entre a nova executiva municipal e o grupo municipal composto polos tres concelleiros integrantes do goberno municipal.



Aula CeMIT para xuño

Aula CeMIT de Ponteareas entra no mes de xuño cunha morea de novos cursos de balde para todos os públicos, actividades diferentes relacionadas con temas actuais coas que achegar as novas tecnoloxías a persoas de todas as idades, reducindo a fenda dixital.

A programación inclúe un curso sobre as compras en internet, un de iniciación ás redes sociais, un taller sobre creación de blogs con Blogger, un para aprender a usar a nube e a manexar Dropbox e Drive e un curso de Robótica Lego dirixido a rapaces e rapazas de 6 a 12 anos.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosspanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69 - x.foroapeneira@gmail.com
Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
x.foroapeneira@gmail.com
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 226-2018

CONDADO/PARADANTA

A Oficina de Turismo de Salvaterra consolida o seu crecemento de visitantes durante todo o ano

A Oficina de Turismo de Salvaterra de Miño, situada no parque da Canuda consolida a boa acollida dos seus servizos entre veciños e visitantes.

Esta nova Oficina de Turismo xunto ao parque público A Canuda, inaugurada no mes de agosto de 2021 e situada nun punto estratéxico da nosa vila, atende tanto as demandas que solicitan os/as usuarios/as do servizo gratuíto de bicicletas como os/as turistas que se achegan a buscar información turística sobre o noso concello de Salvaterra de Miño. Esta iniciativa de servizo gratuíto de bicicletas é exclusivo en Galicia e está moi valorado entre os/as usuarios/as que, na súa maioría son salvate-

renses e vigueses. A Semana Santa fíxose notar nesta Oficina xa que soamente no mes de abril recibíronse 657 consultas, cifra que soamente corresponde aos sábados, domingos e festivos.

Debido á demanda de todos os usuarios, esta Oficina é a única do Condado-Paradanta aberta durante todo este ano e permanecerá aberta durante o mes de xuño cos mesmos horarios:

O horario da Oficina de Turismo é sábados, domingos e festivos de 10.00 a 14.00h e de 16.00 a 19.30h.

O horario do servizo gratuíto de bicicletas é sábados, domingos e festivos de 10.00 a 13.30h e de 16.00 a 19.00h.



Festivos de xuño: luns día 13 e venres 24.

Para máis información dirixete ao teléfono 699.090.991 ou en turismo2@concellodesalvaterra.org

O PP de Ponteareas esixe máis axudas para o deporte local

O Grupo Municipal do PP instou o Goberno bipartito a modificar as bases que rexen por parte do Concello de Ponteareas no relativo ás axudas a agrupacións e clubs deportivos, sen ánimo de lucro e que permitan ampliar as modalidades deportivas que poidan beneficiarse, ofrecendo o mesmo tempo un tratamento máis equitativo e transparente.

Destacan os casos dos equipos de veteranos de fútbol, os clubs de agility ou os pilotos de automobilismo que, a pesar de estar federados, non poden acceder a estas axudas. Ademais, tamén solicitou un aumento do importe para repartir chegando aos 100.000 euros, o que supón un incremento do



100% con respecto ás anteriores convocatorias tal e como o grupo municipal do PP leva solicitado ao Bipartito nos últimos anos, e que o Goberno rexeita ano tras ano.

Galardóns para a poeta Teresa Ríos

A poeta ponteareá Teresa Ríos conseguiu o primeiro premio no VI Certame Vilarías e o terceiro posto na categoría de 'Mellor poesía do ano 2021 na Galiza' nos premios aRitmar Galiza e Portugal.

A escritora, membro do Club de Lectura da biblioteca municipal de Ponteareas, recollerá o premio no acto de clausura do II Festival de Poesía Guitirica o vindeiro 3 de xullo na Casa Habaneira de Guitiriz.



O deporte deuse cita en Ponteareas

Preto de 250 participantes de diversas categorías déronse cita o pasado 4 de xuño na praia fluvial de A Freixa para disputar o Campionato Galego de natación en augas abertas nas augas do río Tea, ao seu paso pola vila de Ponteareas, organizado polo CN Ponteareas xunto á Federación Galega de Natación.

Ese mesmo día tamén foi o turno do Bádminton ponteareán. O Complexo Álvaro Pino acolleu o Campionato Galego sub 19 e sub 9, con grandes resultados para o Club Bádminton Ponteareas.

O 5 de xuño foi a quenda do ciclismo, cunha nova edición do Gran Premio Mini BTT Escola Borja Gómez Méndez, que se celebrou no Parque da Bouza



Vella. Pola súa banda, o pavillón do Complexo Deportivo Álvaro Pino foi tamén escenario dun festival de patinaxe, organizado polo Club Patinaxe Tea para concluír o curso. Nel participaron máis de medio cento de mozas e mozos, que amosaron ao público as súas acrobacias e coreografías.

TALIER
SALÓN

Allonso Vázquez Fraile, 5 bj. PONTEAREAS
CITA PREVIA ☎ 986 641 579
peluqueriataliermt@gmail.com

GLITTER
Tu tienda especializada en
PATINES
ACCESORIOS, RECAMBIOS
Y COMPLEMENTOS
MALLAS, BAÑADORES, DANZA, etc.

C/ Virgen de Los Remedios, 16
PONTEAREAS Tlf. 986 17 78 63
glittercb2016@gmail.com 645 38 96 68

CL
OS

Reveriano Soutullo, 5 - PONTEAREAS
Telf. 886 216 896 - 670 739 070
www.closzapateria.com Clos Zapateria

PONTEAREAS

Ponteareas representa a España no VII Encontro Internacional "Pietra Ligure Infiores"

A Asociación de Alfombristas do Corpus Christi de Ponteareas foi convidada a participar polo Municipio italiano de Pietra Ligure na VII edición de "Pietra Ligure Infiores", organizada en colaboración co "Circolo Giovane Ranzi" o 27 e 28 de maio.

A alfombra deseñada pola Asociación leva por título "Camino Via Della Costa" e está dedicada ao Camino de Santiago que pasa por Pietra Ligure. A Asociación foi convidada para representar a España.

O Festival Internacional de Infioratas Artísticas "Pietra Ligure in fiore" se celebra cada tres anos, sendo o máis importante de Europa polo número de participantes e un referente internacional. Estarán presentes 800 mestres alfombristas de 44 delegacións de toda Italia ademais de Alemaña, Francia, España, Lituania, Hungría e Polonia.

Promoción en Galicia

Por outra banda, o Concello en colaboración coa Asociación

de Alfombristas de Ponteareas comeza unha campaña de promoción para achegar esta Festa de Interese Turístico Internacional máis alá da vila. O pistoletazo de saída foi este 2 de xuño coa participación na Feira Internacional Abanca Semana Verde de Silleda, onde o Concello puxo un stand informativo no que durante catro días persoal experto achegou información turística tanto do Corpus como de Ponteareas en xeral.

A campaña continuou no centro



Alfombra elaborada en Italia

comercial Vialia de Vigo, onde o 4 de xuño elaborouse unha alfombra de seis metros de diámetro preto da entrada principal. A alfombra,

feita con materiais secos, permanecerá en Vialia ata o día 20 de xuño xunto con unha exposición fotográfica sobre o Corpus.

Esther Sestelo Longueira, pregoeira do Corpus 2022

O goberno local de Ponteareas vén de anunciar que Esther Sestelo Longueira será a pregoeira do Corpus Christi 2022.

Natural de Ponteareas, Sestelo está afincada en Madrid, traballando no Conservatorio Profesional de Música Joaquín Turina e impartindo Humanismo e Música na Fundación Universitaria San Pablo CEU. É Doutora en Musicoloxía e Licenciada en Historia e Ciencias da Música, e impartiu docencia en diferentes universidades estatais e internacionais, así como en numerosos conservatorios españois.

A pregoeira posúe tamén estudos de Psicoloxía e é Diplomada en Lingua Inglesa pola Universidade de California, onde realizou estudos de Doutoramento en Lingüística e Literatura Hispanoamericana, así como de Máster en Piano e Música de Cámara.

Ademais, é unha escritora




prolífica con 9 títulos publicados, compaxinando investigación e literatura. Colabora con Aldeas Infantiles SOS e Save The Children, doando os dereitos de autor dos seus libros infantís e xuvenís a estas ONG.

A lectura do Pregón terá lugar o domingo 12 de xuño e marcará o inicio dunha semana de Corpus chea de actividades.

19 alfombristas recibirán a medalla de prata do Corpus Christi

O Concello de Ponteareas aprobou por unanimidade en pleno a concesión das medallas de prata do Corpus 2022 á/os 18 alfombristas propostos polas entidades

de cada tramo así como a entrega da medalla de honra in memoriam a María de la Concepción Ojea Sarmiento polo seu labor a prol do corpus ponteareño ao longo da súa vida.



CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Entrevista de Roberto Mansilla Blanco

Miguel Ángel García Correa | Presidente da Asociación de Alfombristas do Corpus Christi de Ponteareas

"Ponteareas e as súas alfombras son recoñecidas a escala mundial"

Tras dous anos de pandemia, o Corpus Christi volve á normalidade este 2022. Dende a Asociación de Alfombristas do Corpus Christi de Pon-

teareas, o seu presidente Miguel Ángel García Correa asegura a continuidade desta tradición que xa traspasa fronteiras.

O Corpus volve á normalidade. Como foi a vida da Asociación nestes últimos anos?

Aínda que o primeiro ano de pandemia (2020) foi moi complexo e tivemos que suspender todo, en 2021 recuperouse a nosa festa nun formato máis reducido.

Van da man o Corpus e o Xacobeo?

A Asociación de Alfombristas do Corpus Christi de Ponteareas organizou o primeiro proxecto de alfombrismo a escala mundial no que participaron 5.000 alfombristas de 30 países con motivo do Ano Santo Xacobeo 2021. Estes alfombristas elaboraron a "Alfombra Mundial do Xacobeo 2021" nun lugar emblemático de cada unha das súas localidades, entre

os días 24 e 25 de xullo do 2021, dedicada ao Camiño de Santiago.

O deseño do Miguel Ángel Laguna Villalobos, alfombrista de Chinchón, elixírono os propios alfombristas nunha votación a escala mundial durante o primeiro confinamento pola pandemia do Covid. Este deseño foi común en cada unha das localidades. Con todo, cada colectivo alfombrista realizou a súa alfombra, seguindo a súa propia técnica e estilo, utilizando os materiais que usan nas súas alfombras e creando ese tapiz efémero. Pero a súa vez todas foron distintas xa que eran dous os motivos que a diferenciaban; unha o nome da localidade que a realizou e outra, tras unha frecha amarela, a distancia en quilómetros

desde cada cidade participante a Santiago de Compostela.

O obxectivo era facer todo o mesmo día, a mesma alfombra en cada un dos nosos pobos ou cidades, pero de forma conxunta. Foi unha especie de flashmob a escala mundial de arte efémera no día grande do Apóstolo Santiago ou na súa véspera. O Rei Felipe VI interesouse polo noso proxecto na apertura do I Congreso Mundial da Academia Xacoea, onde tamén luciu unha replica da Alfombra Mundial do Xacobeo 2021. A prensa de todo o mundo tamén se fixo eco da noticia da Alfombra Mundial do Xacobeo antes, durante e despois do evento. Toda a organización, coordinación e xestión do proxecto realizouse



dende Ponteareas e a páxina de Facebook creada para a ocasión converteuse na primeira páxina mundial con máis seguidores en todo o mundo. Todo iso permitiu que Ponteareas e as súas alfombras do Corpus Christi sexan recoñecidas a escala mundial.

Vde. ten representado no exterior ás Alfombras do Corpus. Do 1 ao 10, que valoración lle adxudicaría ás de Ponteareas?

Conseguimos con todos os nosos traballos que Ponteareas pase de ser recoñecida a nivel internacional, a ser recoñecida a nivel mundial nos cinco continentes. **A Asociación que Vde. repre-**

sentado, vai garantir o futuro de novos alfombristas?

Ese é un dos primeiros obxectivos desta asociación. Transmitir ás novas xeracións o amor pola festa do Corpus Christi de Ponteareas.

Como aprecian no exterior o nivel acadado polas Alfombras de Ponteareas?

A pesar das limitacións impostas pola pandemia, o traballo da Asociación nestes anos foi crecendo e cada vez máis somos referente a nivel mundial. Proba diso é que no VII encontro de Pietra Ligure (Italia) somos a única representación española.

CONFITERÍA
La Marquesina
CAFE
Reveriano Soutullo, 1 - Tlf. :986 640 243
Ponteareas

CALCETA

@planetacalceta

PINTURAS
BARCO LEÓN
PINTURA PLÁSTICA - BARNICES
ESMALTES - PAPELES
Los precios más baratos del mercado
PINTAMOS SU CASA . PÍDANOS PRESUPUESTO
Paseo Matutino, 2. 986 660 379 - 686 571 679. Ponteareas
Villanueva, 18. 986 651 145 - 609 366 364. A Cañiza

INMOBILIARIA
MERCA VENDA
Casas
Locales
Fincas
Pisos
Ventas
Alquileres
Tasaciones
Presupuestos
Telfs: 986 642 510 - 645 882 020
Avenida Rosalía de Castro nº4, bajo, 36860 Ponteareas
mercavenda@mercavenda.com - www.mercavenda.com

GNS
GALICIA
NAI SEÑORA
SAÚDE, SEGURIDADE E BENESTAR
Con moito entusiasmo e agarimo pensando en ti
Rúa de Oriente, 11 - PONTEAREAS
Teléf. 886 155 506

Cristina Fernández Davila | Alcaldesa de Ponteareas

"O Corpus 2022 será unha festividade máis inclusiva"

Este 2022 volve á normalidade no Corpus Christi. Que novidades terá o programa desta edición?

Tras dous anos de pandemia nos que a nosa Festa tivo que adaptarse a tantas circunstancias excepcionais, volve o Corpus con forza, con ilusión e con moitas ganas de toda a veciñanza de gozar da cor e arrecendo dos materiais empregados polas nosas e nosos alfombristas.

Unha importante novidade deste edición é ter unha festividade máis inclusiva. Se nos últimos anos viñamos contando cunha alfombra elaborada por persoas con mobilidade reducida da Asociación Adapta, este ano damos un paso máis. Membros do Grupo Social ONCE crearán por primeira vez na historia do Corpus unha alfombra floral, que se situará na Praza Maior. Retomamos tamén a presenza de delegacións convidadas internacionais: Arxentina, Monçao, Aguaviva (Teruel) e La Orotava (Tenerife), irmandado con Ponteareas.

Que significado especial ten o cartel desta edición 2022?

Estou namorada do cartel desta edición. Quixemos apostar pola creatividade ponteareá e polos

nosos novos valores, encargando o deseño a Iria Alonso, unha veciña moza graduada en Belas Artes pola Universidade de Vigo e con mestrado en Dirección de arte en publicidade. Explicou que buscou homenaxear ás persoas que traballan para que o Corpus sexa posible, e puxo o foco na labor das mulleres que ve dende pequena nos portais durante as semanas previas ao Corpus preparando o material. O resultado

Xacobeo, e sempre atopamos algún grupo de persoas peregrinas que deciden desviarse das rutas tradicionais para coñecer o Corpus de Ponteareas.

Nos últimos anos as Alfombras de Ponteareas acadaron un recoñecemento internacional. Como entende Vde. que pode isto repercutir no desenvolvemento turístico da Comarca?

De xeito moi positivo. Somos a única Festa de Interese Turístico

"Somos a única Festa de Interese Turístico Internacional da nosa comarca e unha das poucas do noso País. Isto favorece á súa repercusión e difusión en ámbitos cada vez máis amplos"

foi fantástico. Por tanto, o meu agradecemento a Iria Alonso, destacando tamén o gran talento co que contamos na nosa vila.

Como encaixaría Vde. o Corpus dentro dos actos do Xacobeo?

O Xacobeo está contribuíndo ao recoñecemento das nosas alfombras florais grazas á elaboración por parte das e dos alfombristas ponteareáns que teñen confeccionado tapices en lugares polos que pasan os distintos camiños xacobeos. Crease unha interesante sinerxía entre Corpus e

Internacional da nosa comarca e unha das poucas do noso País. Isto favorece á súa repercusión e difusión en ámbitos cada vez máis amplos. Recibimos milleiros e milleiros de persoas durante a fin de semana de Corpus, que non só visitan as alfombras florais, senón que lle dan un importante pulo á economía local e comarcal. Dende as semanas previas, as hospedaxes e a hostalaría da vila colgan o cartel de completo. Dende o goberno que presido realizamos un importante investimento



na propia festa do Corpus, pero tamén na súa difusión e na posta en marcha de iniciativas pioneiras que o dean a coñecer durante todo o ano e sirvan como recurso para atraer máis visitantes a Ponteareas e á nosa comarca. Nesa liña, creamos o primeiro Museo a Ceo Aberto do País dedicado ao Corpus, que permite viaxar virtualmente polas nosas alfombras florais escaneando os códigos que se atopan nas paredes dos distintos tramos alfombrados.

Tempo atrás falouse de dedicar o Camping da Freixa para o cultivo de plantas que fornecen flores para o Corpus. Parece que actualmente estase pensando noutro destino. Cal é a realidade?

En ningún momento abandonamos esa idea. O Cámping da Freixa dispón dun espazo privilexiado ao que queremos darlle diferentes usos, e entre eles está o de poder facilitar materiais para a confección das alfombras. Tras recuperar os terreos do mencionado cámping e acometer obras para garantir a conservación da edificación existente no recinto, estamos traballando cun plan integral para converter toda a área da Freixa-San Roque nun excepcional espazo natural e de ocio. Entre as accións deste plan, atópase a posta en marcha deste equipamento totalmente renovado. Xa o presentamos a diversos colectivos sociais, e a acollida foi moi positiva.





ellos
moda hombre

PONTEAREAS
C/ Amado Garra, 15
Tlf.: 986 64 41 16

CAFÉ C.A.S

RESERVAS Y PEDIDOS
604 07 93 04

DESAYUNOS
MENU DEL DIA
FINES DE SEMANA
MENU ESPECIAL
COMIDA PARA LLEVAR

Rúa Vidales Tomé N° 4, 36860 - Ponteareas

Vinoteca
Eira Vella
viños, tortas, pulgas e docas...

Rosalía de Castro, 12
Ponteareas
694 416 706

La Giralda
ESTÉTICA & PELUQUERÍA

Pasión por la Belleza

C/ Castañal, 14 bajo- 36860 Ponteareas
986 660 477 / 660 860 645
peluquerialagiralda@hotmail.com

ZAPATERÍA
Angeles Castro

Telf: 986 640 242
Rúa Esperanza, 23 - PONTEAREAS

COVELO

Servicio integral a la construcción
DERIVADOS DEL CEMENTO

986 644 036
www.covelo.cc
grupoluco@covelo.cc

As forzas políticas opinan sobre o Corpus

Delfín Domínguez Cerdeira | Secretario Xeral do PSdeG-PSOE de Ponteareas

Valoración das Festas do Corpus.

Este ano espertan una especial ilusión e expectativa por poder celebrarse coma sempre. Por tanto, o meu recoñecemento e parabéns para os alfrombristas pola posta en valor do Corpus en moitos lugares de Galicia e do estranxeiro.

Valoración da xestión do goberno local: elementos máis salientables

A xestión do goberno local pódese cualificar de boa en termos xerais. Cabe salientar algunhas cousas que estaban enquistadas e que era preciso resolver: a aprobación do PXOM como ferramenta fundamental para a ordenación do territorio e para garantir a seguridade xurídica. Obviamente, non todo o mundo vai a estar de acordo. Lembrar que pasaron 20 anos desde a suspensión do PXOM debido a licencias urbanísticas ilegais. O proxecto de ampliación da EDAR (Depuradora da Moscadeira) con unha importante inversión que vai permitir resolver un dos problemas graves de depuración de augas residuais. O cambio das luminarias por LED como



medida de aforro enerxético e respectuoso co medio ambiente.

Haí outras cousas nas que habería que mellorar e avanzar máis rápido como o parque empresarial; o saneamento das parroquias; máis diálogo coas asociacións veciñais e limpeza dos espazos públicos como A Freixa.

Nivel de transparencia do goberno local: valoración do 1 ao 10

Eu daríalle un 7. Penso que temos mellorado amplamente en transparencia aínda que sempre se pode e se debe ir máis aló.

Juan Carlos González Carrera | Voceiro de Alternativa Cidadá de Ponteareas (ACiP)

Valoración das Festas do Corpus.

Para ACiP, falar de Corpus é falar de Ponteareas e da súa historia, que leva o nome da nosa cidade por todo o mundo. Por tanto, e sendo unha festa declarada de Interese Turístico Internacional, debería contar cunha divulgación anual e non temporal como ata o de agora.

Valoración da xestión do goberno local: elementos máis salientables.

Dende a nosa perspectiva non existe nada positivo que salientar deste goberno local. Nestes momentos son os maiores abandoados do abandono e do caos no que teñen sumido a Ponteareas. A diario chégannos queixas, tanto do rural como na urbe, debido a vexación de funcións por parte do goberno bipartito de BNG e PSOE. Estamos perdendo a imaxe de cidade hospitalaria, con zonas para o desfrute e o recreo, como podemos observar nun dos nosos baluartes, como debería ser o entorno de A Freixa. Unha cousa é a propaganda comunicativa do



goberno e outra a realidade social.

Nivel de transparencia do goberno local: valoración do 1 ao 10.

O nivel de transparencia é de 0 por non pór cualificacións en negativo. Somos a única formación que tivo que denunciar o actual goberno no ano 2020, xa que se negaba a darnos acceso a documentación que nos pertence por lei. O Concello foi xulgado por falta de transparencia, unha cousa vergoñenta para un ente deste tamaño e repercusión.

Belén Villar | Voceira do Partido Popular de Ponteareas

Valoración das Festas do Corpus.

A festa do Corpus foi perdendo protagonismo; este Goberno non comparte as tradicións; apóias porque non queda outra; non teñen intención de potenciala como o que merece unha festa declarada de interese turístico internacional.

Valoración da xestión do goberno local: elementos máis salientables.

O noso balance destes sete anos de goberno bipartito é negativo. Apenas se mantivo o que xa viñan facendo outros gobernos con anterioridade; nin unha soa infraestrutura nova e deterioro das actuais: auditorio, residencia de maiores, escola infantil, estación de autobuses, A Freixa, Pardellas, etc. Aumento da débeda en 14 millóns de euros, mentres que pola contra subiu a recadación por multas e sancións. Son o goberno máis caro de Ponteareas, subiron o salario da alcaldesa e do Goberno en plena pandemia.

Nivel de transparencia do goberno local: valoración do 1 ao 10.

O nivel de transparencia cos partidos



da oposición é cero. Moitas veces enterámonos das propostas do Goberno polos medios de comunicación e cando xa non se poden emendar ou modificar. A falta de diálogo non é so cos partidos da oposición; os veciños tamén reclaman maior transparencia e consenso. Nos últimos meses as rúas foron claras en denunciar esta falta de diálogo no caso da instalación caldeira de Biomasa, na reordenación do tráfico, o enfado dos comerciantes ou o desastre que está a supor a obra interminable na Praza Bugallal.

Lino Costas | Coordinador Esquerda Unida de Ponteareas

Valoración das Festas do Corpus.

Tomando en conta que o Corpus é o evento cultural máis importante do noso concello, o goberno municipal ten que apoiar economicamente o esforzo da veciñanza na súa preparación e celebración; debería reducir a actuación do Concello por tratarse dunha festa esencialmente relixiosa.

Valoración da xestión do goberno local: elementos máis salientables.

Quizais o máis salientable deste goberno é que precisamente non hai nada especialmente salientable. A súa política é moi parecida á dos anteriores gobernos da dereita, incluíndo a peonalización do centro da vila e o saneamento económico, sobre todo o relacionado coas chamadas "facturas do caixón". O bipartito o que fixo foi cumprir co Plan de Saneamento Financeiro aprobado en 2013 polo PP e ACIP. Tampouco hai avances en participación, redistribución, atención social, coidado do medio ambiente e do patrimonio e moito menos na recuperación



dos servizos privatizados.

Nivel de transparencia do goberno local: valoración do 1 ao 10.

Como valoración, sendo xenerosos, podemos darlle un 4. Se ben mellorou bastante dende que se puxo en marcha o portal de transparencia, este segue a ser moi deficiente porque falta información e a que está subida ás veces é difícil de atopar. No relativo ás solicitudes de información, como é o caso dos orzamentos, ou non contestan ou tardan meses en contestar xustificando a súa admisión ou inadmisión.

CONDADO/PARADANTA

Histórico acordo coas entidades locais menores de Mondariz

O Goberno municipal do Concello de Mondariz, encabezado polo alcalde Xosé Emilio Barros, recibiu na Casa Consistorial aos representantes das entidades locais menores de Vilasobroso e Queimadelos para asinar formalmente os convenios aprobados a principios de ano para regular as relacións de cooperación e coordinación entre o Concello de Mondariz e cada entidade local menor, e dar cumprimento á Lei de Administración Local de Galicia.

As entidades locais menores



de Vilasobroso e Queimadelos levaban décadas demandando o cumprimento da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia no que respecta á recadación da porcentaxe mí-

nima dos impostos devindicados polo Concello no ámbito territorial de cada entidade local menor, mais ningún Goberno municipal dera resposta a esta demanda ata agora.

Máis de 350.000€ para a mellora de servizos públicos en Covelo

O último pleno da Corporación de Covelo aprobou unha modificación orzamentaria para financiar con cargo ao remanente líquido de tesouraría a adquisición de novos bens patrimoniais e importantes obras en melloras de espazos e

servizos públicos por valor de máis de 350.000€.

A boa xestión económica permitiu pechar o exercizo contable do 2021 cun remanente líquido de tesouraría de 900.000€. Por isto, asumírase o remanente para aspectos como a adquisición

de patrimonio histórico e mellora da oferta turística; mellora do espazo público; novo camiión de recollida de lixo, protección contra incendios e desbroce de camiños e implementación de tecnoloxía no abastecemento de auga potable.

A praia de Maceira obtén a excelencia de calidade

A Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia vén de comunicar ao Concello de Covelo a calidade das augas de baño da praia fluvial de Maceira que, novamente, recibe a calificación de "excelente".

Ademais, a praia de Maceira volverá estreitar tempada estival como "Praia sen fume" co obxectivo de protexer ás persoas dos prexuízos que ten para a saúde o fume do tabaco. Todo isto dentro das iniciativas do Concello de promoción de há-



bitos de vida saudable, o respecto ao medio ambiente e a oferta de espazos públicos de calidade, de acordo cos compromisos ad-

quiridos no Pacto das Alcaldías e en consonancia cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS).

Zona azul no centro urbano de Mondariz



O Concello de Mondariz está á espera de recibir os discos horarios para poñer en funcionamento a zona azul a principios do mes de xuño, regulada por unha Ordenanza Municipal aprobada en 2020. A medida está destinada a dinamizar o comercio local a través da mobilidade das prazas de aparcamento.

O novo servizo de zona azul

afectará ás principais vías públicas do centro urbano: rúa Merouces, Praza de España, rúa Fernando Buesa, avenida de Portugal, rúa Miguel Ángel Blanco, rúa Lino Troncoso, rúa San Gregorio, rúa Ramón y Cajal e rúa Cervantes. Na ordenanza municipal tamén está regulada a tarxeta de residente que habilita o estacionamento sen limitación.

AporM critica o peche da piscina municipal este verán

Xoán C. Montes, voceiro de AporM, criticou o anuncio do goberno municipal de Mondariz feito polas redes sociais de que a piscina municipal, situada no barrio do Pé do Muíño, na parroquia de Riofrío, tampouco vai abrir as súas portas este verán debido a unha serie de obras de reparación.

AporM criticou que o goberno municipal decidira non solicitar á Xunta de Galicia as subvencións que a administración autonómica convoca todos os anos para faci-



litar que os concellos doten as súas praias e piscinas de socorristas, tal e como fixeron concellos limítrofes como Covelo, As Neves, Pontearreas, Salvaterra ou A Cañiza.

Campaña "Visita o Museo Arabo e Gaña"

O Concello de Arbo lanza a campaña "Visita o Museo Arabo e Gaña" a través do Centro de Interpretación do Viño e da Lamprea Arabo, unha exposición permanente promovida polo Concello orientada á posta en valor do patrimonio cultural, etnográfico e enogastronómico do municipio arbense, con

paneis e vídeos editados en galego, inglés e castelán.

Con tal motivo, dende o 15 de maio, os visitantes o Centro de Interpretación do Viño e a Lamprea "Museo Arabo", reciben un cupón ó remate da visita para participar no sorteo de diferentes lotes de viño e licores das adegas de Arbo.

ACiP presenta moción sobre a Depuradora da Moscadeira

A lternativa Ciudadana de Ponteareas (ACiP) demanda a ACUAES (Aguas de las Cuencas de España), sociedade mercantil estatal que esta ligada o Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico, a revisión de forma urxente do proxecto de mellora da depuradora de A Moscadeira, ante a falta de empresas presentadas o concurso.

Esta empresa realiza un licitación de 7.032.753 euros e

cunha infraestrutura executable en 30 meses, quedando o concurso deserto. O voceiro de ACiP, Juan Carlos González Carrera, esixiu ao goberno municipal dirixirse ao Ministerio para que licite urxentemente un modificado do proxecto. "En Ponteareas levamos moitos anos pagando multas económicas de calado, debido os vertidos, chegando os 100.000 euros anuais, ademais do dano ecolóxico", afirmou González Carrera.



Presentación de libro sobre crimes antigos no Condado

O historiador ponteareán Francisco Candeira recolle e analiza estas complicadas situacións no seu libro 'Crimes antigos na Galicia rural', que foi resentado o 3 de xuño na Biblioteca Municipal de Ponteareas.

O autor recupera para a memoria colectiva tres actos cri-

minais cometidos en terras do Condado entre 1911 e 1937, unha época na que por razóns de poder político, de intereses económicos ou de incultura desatáronse os máis primitivos instintos que conduciron a traxedias privadas e escándalos públicos.



"As Neves verde autóctono"

No marco do proxecto "As Neves verde autóctono" impulsado polo Consello Climático Xuvenil de As Neves, un total de 35 rapaces e rapazas do IES Pazo da Mercé das Neves desenvolveron o 6 de xuño, unha actividade deportiva

no medio natural do río Miño para pór en valor este ecosistema e o seu papel ecolóxico, así como analizar a súa importancia como barreira natural contras os lumes.

As Neves foi seleccionado entre máis de 50 concellos a nivel

estatal pola organización de Ayuda en Acción como gañador das subvencións 1Planet4All, un proxecto da Unión Europea que financiarán con 24.000 euros seis proxectos de acción climática liderados por xóvenes en toda España.

Éxito no IV Trail Orixes de Mondariz

Tras dous anos de suspensión pola pandemia, a IV edición do Trail Orixes, organizado pola Asociación Deportiva Mondariz coa colaboración do Concello de Mondariz, reuniu o 21 de maio a máis de 400 persoas chegadas de diferentes puntos de Galicia, doutras comunidades e de Portugal.

Entre elas destacaron as 37

participantes da nova e esixente categoría Ultra (60 km) e as 41 corredoras do Maratón (40 km). O Trail (26 km) e o Minitrail (14 km) foron as distancias preferidas, con 98 e 229 participantes, respectivamente. En setembro celebrarase a VI edición da Carrreira Popular de Mondariz, e a V marcha de BTT "Montes de Mondariz" en outubro.



Reformas na piscina climatizada da Cañiza



O alcalde da Cañiza, Luís Piña, supervisou as obras de reforma da piscina climatizada da Cañiza acompañado polos técnicos da empresa Civis Global, S.L.U, encargados da súa rehabilitación dende que comezaron os traballos o pasado mes de abril.

A obra, definida en torno á

rehabilitación enerxética da cuberta de 1.500 m2, conta cun investimento total de 742.747,95€, está financiada pola Deputación Provincial con 689.048,95€ do plan de infraestruturas REACPON Reacciona Pontevedra e o Plan Concellos 2022-2023. Agárdase que as obras rematen a comezos do 2023.

Día Internacional do Orgullo LGTBIQ+ en Salvaterra

O Concello de Salvaterra únese á celebración o vindeiro 28 de xuño do Día Internacional do Orgullo LGTBIQ+ co obxectivo de concienciar sobre a diversidade, a igualdade, a tolerancia e o respecto cara este colectivo.

Deste xeito, estará colgada a bandeira LGTBIQ+ no balcón do Concello. Tamén levarase a cabo unha actividade o 9 de xuño na praza do Concello con parte do alumnado do instituto e a II edición do concurso de slogans vía redes sociais.

O Concello de Ponteareas elimina novas verteduras incontroladas



O Concello de Ponteareas vén de retirar novas verteduras incontroladas en diferentes puntos da vila, espazos públicos ben a carón de colectores ou na propia rúa nos que se detectaron unha nova acumulación de residuos sólidos

de distinta natureza, dende restos de madeira ou obras ata pequenos electrodomésticos antigos, mobiliario ou colchóns. O Concello empregou un vehículo especial para facer a recollida de todas estas verteduras durante a fin de semana.

FORO A PENEIRA DO ALTO MINHO

Municípios portugueses e galegos protestam contra linha de alta tensão

Os municípios de Monção e Melgaço, no Alto Minho, de As Neves e Arbo, na Galiza, participam no domingo, numa manifestação contra a instalação de uma linha elétrica de alta tensão que atravessa as duas regiões.

A concentração, seguida de manifestação, foi convocada na sequência da publicação, em abril, no boletim oficial do Governo espanhol da declaração de impacto ambiental emitida pela Direção-Geral de Qualidade e Avaliação Ambiental. Para os municípios da região fronteiriça, aquela declaração vem demonstrar que “o Governo de Espanha mantém o traçado inicial da linha elétrica de muito alta tensão de 400 quilovolts (Kv), desde Fonte Fria até à fronteira portuguesa”.

Promovida pela Associação de Afetados Pela Linha de Alta Tensão

Fonte Fria – Fronteira portuguesa, a manifestação tem prevista a presença dos autarcas dos quatro municípios que já se comprometeram a incentivar à participação das populações das duas regiões e a contactar os restantes municípios do Agrupamento Europeu de Cooperação Territorial (AECT) Rio Minho, para reforçar a “frente comum” de contestação ao projeto.

A concentração seguida de manifestação, que pretende alertar para o “impacto negativo brutal” daquele empreendimento nos territórios e nas populações, tem início às 17:00, em Valiñas-Poste (Barcela-Sela), em Arbo.

Em causa está a construção de uma linha elétrica de 400 kV desde Fonte Fria, em território galego, Espanha, até à fronteira portuguesa, com o seu prolongamento à rede elétrica nacional, no âmbito da Rede Nacional de Transporte

operada pela empresa REN.

Em Portugal, a área de implantação abrange sete concelhos – Vila Verde, no distrito de Braga e Ponte de Lima, Ponte da Barca, Arcos de Valdevez, Paredes de Coura, Monção e Melgaço, no distrito de Viana do Castelo – e um total de 60 freguesias.

Em 2015, o projeto foi “reca-lendarizado” para ser submetido a novos estudos.

De acordo com o Estudo de Impacto Ambiental, o troço nacional deste projeto prevê a construção de duas novas linhas duplas trifásicas de 400 kV, atravessando, potencialmente, 121 freguesias. O projeto esteve em consulta pública entre 15 de junho e 24 de julho.

A proximidade desta linha, aérea, às casas, as consequências dos campos eletromagnéticos gerados na saúde humana ou o impacto visual de torres 75 metros



com margens de segurança de 45 metros para cada lado são as principais preocupações das populações de ambos os lados da fronteira.

O presidente da câmara de Monção, António Barbosa e seu colega de Melgaço, Manoel Baptista, e os autarcas de Arbo, Horácio Gil, e de As Neves, Xose Manuel Rodriguez, reuniram-se para analisar a posição do governo espanhol e estabelecer uma frente comum contrária ao projeto elétrico.

Os autarcas lamentam que “o Governo espanhol não tivesse atendido às legítimas preocupações das populações e do poder local, manifestadas em diversos locais e variadas formas, os quatro autarcas reafirmaram a sua opo-

sição à construção daquele empreendimento elétrico”.

Consideram ainda que “a instalação de uma linha de muito alta tensão terá um impacto negativo brutal em ambos os territórios e nas populações locais, originando diversos problemas para a saúde pública, comprovada em diferentes publicações e pesquisas efetuadas por organismos distintos e credíveis”.

O autarca de Arbo, Horácio Gil, se reuniu com a subdelegada do Governo em Pontevedra, Carmen Larriba Garcia, estando ainda sem data marcada a audiência solicitada pelos municípios ao Ministério espanhol da Transição Ecológica.

Nova campanha solidária pela Ucrânia no Alto Minho

A Comunidade Intermunicipal do Alto Minho (CIM Alto Minho) promove, entre 1 e 30 de junho, uma nova campanha intermunicipal de recolha de bens essenciais para envio para a Ucrânia, em colaboração com os seus 10 municípios associados, o Banco Alimentar de Viana do Castelo e o CDOS (Comando Distrital de Operações e Socorro) de Viana do Castelo.

A ajuda humanitária ao povo ucraniano “continua a ser urgente”, segundo informação do Consulado da Ucrânia no Porto, pelo que manter-se-á a mesma listagem de bens utilizada aquando da primeira campanha de solidariedade, que decorreu entre 9 e 31 de março, e que permitiu recolher mais de 19 toneladas de ajuda humanitária, tendo esta CIM recebido informação sobre a entrega desses bens essenciais no passado dia 4 de maio após articulação com a Associação Cristo Rei. Assim, nesta segunda campanha, dá-se preferência a bens alimentares (não perecíveis), a medicamentos

(sugere-se de venda livre) e a artigos de higiene e de saúde.

Os donativos podem ser entregues nos seguintes locais: no quartel dos Bombeiros Voluntários de Arcos de Valdevez; na Loja Social da Cruz Vermelha de Melgaço; no Mercado Municipal de Monção – Banco de Recursos, no edifício da Junta de Freguesia em Vilarelho, em Caminha, ou no edifício da Junta de Freguesia de Vila Praia de Âncora; nos Bombeiros Voluntários de Paredes de Coura; no Quartel dos Bombeiros Voluntários de Ponte de Lima; na Casa da Cultura de Ponte da Barca; no Quartel dos Bombeiros Voluntários de Valença; no Serviço de Atendimento ao Múncipe – SAM, no edifício da Câmara Municipal de Viana do Castelo; e nas sedes das juntas de freguesia do concelho de Vila Nova de Cerveira. A listagem de bens, os pontos de recolha e respetivos horários de funcionamento, estão disponíveis no site da CIM Alto Minho em www.cim-altominho.pt.

Refira-se que esta campanha

de solidariedade compreende igualmente outras ações que estão a ser dinamizadas em articulação com outras entidades sub-regionais do Alto Minho (Unidade Local de Saúde do Alto Minho - ULSAM, Delegação do SEF de Viana do Castelo, Centro Distrital de Segurança Social, IEFP - Instituto de Emprego e Formação Profissional de Viana do Castelo, IPVC - Instituto Politécnico de Viana do Castelo e Delegação de Viana do Castelo da Cruz Vermelha Portuguesa) para uma resposta concertada entre todos ao nível do acolhimento, integração, alojamento e cuidados de saúde a cidadãos ucranianos.

De acordo com informação do SEF de Viana do Castelo, o Alto Minho já acolheu um total de 434 cidadãos ucranianos, nomeadamente 15 em Arcos de Valdevez, 90 em Caminha, 17 em Melgaço, 31 em Monção, 1 em Paredes de Coura, 12 em Ponte da Barca, 78 em Ponte de Lima, 27 em Valença, 146 em Viana do Castelo e 17 em Vila Nova de Cerveira.

Parque de estacionamento em Moledo com nova imagem



A Câmara de Caminha deu por concluída a empreitada de demolição da estrutura de betão no parque de estacionamento da praia de Moledo.

Em comunicado, a autarquia caminhense chama a atenção para a nova imagem do parque, sublinhando que “a remoção da estrutura de betão em risco de queda, permite agora maior visibilidade e sensação de amplitude”. A obra, que incluiu plantação de árvores, foi con-

cretizada em apenas duas semanas.

Ao longo dos últimos anos tornou-se evidente a deterioração da estrutura na zona das colunatas com descascamento de betão com consequências para o ferro, a que acresciam sinais de soltura de parte dos tirantes de aço que sustentam a pala. Face ao risco para os transeuntes e para os automóveis ou motociclos normalmente estacionados no local, a obra de demolição tornou-se inevitável.

FORO A PENEIRA DO ALTO MINHO

Sénior 'Olympics4All' de 7 a 9 de setembro

Pelo impacto social e desportivo, este projeto encontra-se aberto para acolher mais participantes. Neste sentido, pessoas com 60 ou mais anos de idade podem formalizar a sua inscrição na equipa do seu concelho.

Após dois anos de interregno devido à pandemia Covid-19, as Olimpíadas Seniores 'Olympics4All' regressam ao seu palco de origem, o Município de Vila Nova de Cerveira, de 7 a 9 de setembro de 2022. Além de promover a prática desportiva junto da população sénior, estes encontros anuais reforçam o intercâmbio social e cultural entre os cerca de 250 participantes dos 10 municípios

alto-minhotos.

Cada concelho participante apresenta-se com uma equipa, previamente preparada graças à implementação de um programa de treinos semanais, que leva os atletas seniores a praticar várias modalidades que constam do regulamento do grande evento, desde Voleibol, Basquetebol, Natação e Futebol, além de jogos tradicionais como Boccia, Petanca, Malha e Corda.

Durante o evento 'Olympics4all', as delegações ficam hospedadas na 'Vila Olímpica' (município que acolhe o evento) ao longo dos três dias de competição. O jantar de gala que se realiza no último dia serve para

anunciar a equipa vencedora, bem como o concelho do Alto Minho que vai acolher a edição do ano seguinte.

Pelo impacto social e desportivo no dia a dia das pessoas, este projeto encontra-se aberto para acolher mais participantes. Neste sentido, pessoas com 60 ou mais anos de idade podem formalizar a sua inscrição na equipa do seu concelho. Em Vila Nova de Cerveira, os treinos gratuitos e monitorizados por um professor de desporto decorrem às segundas e quartas-feiras. Para mais informações contacte 251708071 ou saude@cm-vncerveira.pt.

A primeira edição do projeto Olympics4All de Vila Nova de Cer-



veira decorreu em setembro de 2015, no âmbito da Semana Europeia do Desporto, cofinanciado pelo Programa Erasmus +. O impacto da iniciativa foi alvo de uma avaliação em abril de 2016, através da realização de inquéritos que revelaram que cerca de 30 por cento dos participantes seniores aumentaram a prática do

exercício físico. O sucesso conduziu à organização de edições anuais, além do projeto ter sido alargado e replicado a seis países parceiros de uma nova candidatura IN COMMON SPORTS+ (Portugal, Espanha, Itália, Eslovénia, Hungria e Bulgária), com mais de 450 atletas a participarem em treinos semanais.

Obra de Aquilino promove Casa Grande de Romarigães

A primeira edição em espanhol do romance "A Casa Grande de Romarigães", de Aquilino Ribeiro, foi lançada no dia 27 em Paredes de Coura, para promover a vida e obra do escritor, e um novo espaço expositivo no concelho.

"Faz muito sentido que, nesta altura, procuremos internacionalizar a vida e obra do grande escritor que é Aquilino Ribeiro, como forma de promover a sua obra literária e a sua permanência em Paredes de Coura, ao mesmo tempo que estamos a criar um núcleo de exposição permanente", que vai abrir em setembro, afirmou à agência Lusa o presidente da

Câmara de Paredes de Coura, Vítor Paulo Pereira.

O autarca socialista explicou que o lançamento da primeira edição da obra em galego e castelhano, e de uma nova edição, em português, será no dia 27 de maio do corrente ano, às 18:00, na Casa Grande, na freguesia de Romarigães, onde será inaugurado um núcleo expositivo dedicado à vida e obra de Aquilino Ribeiro.

"A Casa Grande de Romarigães" foi publicada na primavera de 1957, sendo considerado um dos livros mais marcantes da literatura portuguesa do século XX.

Aquilino Ribeiro viveu em Paredes de Coura, fruto do seu ca-

samento com a filha de Bernardino Machado, tendo ocupado a Casa Grande de Romarigães, que acabou por dar título a uma das suas mais importantes obras literárias, inspirada nas vivências locais.

A Casa Grande, que deu nome e inspiração à obra, continua na posse da família de Aquilino Ribeiro, mas em avançado estado de degradação.

O autarca socialista adiantou que o projeto de recuperação da capela do Amparo, no quintal da casa, e de um edifício adjacente, no valor de 400 mil euros, foi candidatado a fundos comunitários destinados ao património cultural.



Será um espaço de conhecimento, de fruição literária, com as memórias ligadas à casa, à evolução arquitetónica e com informação sobre a vida e obra de Aquilino, com particular incidência naquele que é um dos grandes romances da literatura portuguesa.

A apresentação dos livros – uma nova edição em português, pela Bertrand, e duas, uma em galego e outra em castelhano, pela editora espanhola Kalandraka – estará a cargo do escritor Mário Cláudio e da professora de Literatura Portuguesa Contemporânea,

Serafina Martins.

Autor de 23 romances e novelas, entre os quais "A Casa Grande de Romarigães" e "Quando os Lobos Uivam", Aquilino Ribeiro escreveu ainda 10 contos e uma biografia de Camilo Castelo Branco.

Nascido em 1885, em Carregal de Tabosa, no concelho de Sernancelhe, distrito de Viseu, estudou Teologia em vários seminários portugueses e Literatura, na Sorbonne, em Paris. Em 1963, o escritor foi alvo de várias homenagens no país, tendo falecido, em Lisboa, no dia 27 de maio desse ano.

A PENEIRA

PUBLICITE AQUI

(00351) 960 069 934

COMERCIAL.FI@NOVASDEBEIATLANTICO.COM

O FARELO

Novas Turquia

EIXOATLANTICO

Restaurante "O Aderito"

Sala com capacidade para 250 pessoas

Casamentos/Batizados/Comunhões/Aniversários/Diárias

Serviço de Catering

WWW.oaderito.com

Contactos:

Tel: 251404412

Tlm: 966575716/962683522

email: restauranteoaderito@gmail.com

Qta do Pombal-Remoães

4960-330 - Melgaço

Gerente

Adérito Pires Costa

Inaugurado o Festival Internacional de Xardíns de Ponte de Lima

A 17ª edición do Festival Internacional de Xardíns de Ponte de Lima – FIX foi inaugurado este 27 de maio e ata o próximo 31 de outubro co tema “Os Jardins e as Alterações Climáticas”.

Na inauguración estiveron presentes o presidente da Cámara Municipal de Ponte de Lima, Vasco Nuno Magalhães Velho de Almeida Ferraz, así como diversas autoridades locais e incluso galegas, na que destacou a presenza da ex alcaldesa de Vigo, Corina Porro.

Esta edición conta con proxectos provenientes de 12 nacionalidades diferentes (Portugal, Polonia, Alemaña,

Austria, Romanía, Noruega, Brasil, España, Escocia, Italia, República Checa e Francia) así como a participación de 250 nenas e nenos de 9 institucións de ensino pré-escolar, 1º e 2º ciclo do Concello de Ponte de Lima

Con anterioridade foi tamén inaugurada a iniciativa ‘Ponte de Lima Com Vida’, que realizará unha serie actividades culturais, gastronómicas, deportivas e sociais entre maio e outubro. Tamén inaugurouse no Albergue de Peregrinos de Ponte de Lima a escultura sobre o Santiago Apóstolo doada polo escultor Fidel Velasco, radicado en Vigo.



Ruy de Carvalho homenageado em Ponte de Lima



A Cámara de Ponte de Lima homenageou Ruy de Carvalho, com uma placa evocativa no Teatro Diogo Bernardes, no dia em que o consagrado ator sobe aos palcos limianos.

Ruy de Carvalho, de 95 anos, está esta noite em Ponte de Lima, com “A Ratoeira”, peça a cargo da Yellow Star Company.



Bike Park Junior



Piscina y circuito termal



Parque Multiaventura



Manzaneda
Estación de Montaña

Actividades en la naturaleza *¡y mucho más!*

Menú Buffet

15€

APARTAMENTOS 3 o 7 plazas desde

80€/noche



Tirolina



Bike Park *nuevas pistas!*



Rutas a caballo



Tiro con arco

Eventos JUNIO 2022

5 junio

Enduro

Manzaneda Bike Park



25 y 26 junio

Extrema

Manzaneda



Telesilla turística

Senderismo

Pistas deportivas

Rocódromo infantil *nuevo*

Paintball *nuevo*

Rutas bici eléctrica *nuevo*

Manzaneda
Estación de Montaña

988 30 90 90 **manzaneda.com**

ORGANIZA

Manzaneda
Estación de Montaña

PATROCINAN

COLABORAN